



SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2016

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día vinte e nove de setembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 445 de data 18 de marzo de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Maria Jesús Gómez González, don Ramón Boga Moscoso e dona Josefa Vázquez Soto.

Faise constar que asiste á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona M^a Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Proposta de aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada "Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias na Pagueira nº 11, 12 e 13, Brexo, Cambre", cofinanciado ao abeiro da Resolución do 25 de xaneiro de 2016, da Agader, pola que se aproba o Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Feader ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020."

Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e o director facultativo da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA REGISTRO
2016/C003/000004	Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	B15293145	Certificación Única "Mellora de camiños de Acceso a explotacións agropecuarias na Pagueira nº 11, 12 e 13, Brexo, Cambre"	33.238,22 €	F/2016/4799	23/09/2016



Comprobado o cuadro aritmético da mesma e a non variación de feito respecto ao proxecto de obra.

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada polo responsable do contrato e concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio de data 27 de setembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE CERTIFICACIÓN
2016/C003/000004	Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	B15293145	Certificación Única "Mellora de camiños de Acceso a explotacións agropecuarias na Pagueira nº 11, 12 e 13, Brexo, Cambre"	33.238,22 €

Segundo: Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos.

2. Cancelación e devolución da garantía definitiva, por importe de 22.426,81 euros, solicitada pola administradora concursal de "Química Industrial Proquintas, S.A.", depositada para garantir a execución da obra denominada "Centro de formación ocupacional en parcela nº 6 do Polígono Industrial Espiritu Santo-Cambre"

Visto o expediente incoado co nº 2001/69-30 OB, para adxudicación, mediante subhasta con procedemento aberto e tramitación ordinaria, da obra denominada "Centro de formación ocupacional en parcela nº 6 do Polígono Industrial Espiritu Santo-Cambre", adxudicado á entidade "Química Industrial Proquintas, S.A." (PROQUINTAS, S.A.), no importe de 560.670,33 euros, asinándose o correspondente contrato con data do 2 de abril de 2002.

Visto que a entidade adxudicataria depositou unha garantía definitiva para responder da execución da obra, por importe de 22.426,81 euros, mediante aval nº 16.452 da entidade "Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca" (AFIGAL), de data 25/03/02.

Visto o escrito procedente do xulgado do mercantil nº 1 da Coruña, no que se empraiza ao concello para que conteste á demanda concursal interposta no expediente de Incidente Concursal Común nº 0000072/2013 0002-C, presentada pola Administradora concursal da entidade "Química Industrial Proquintas, S.A." (PROQUINTAS, S.A.), dona María Muñiz Baños, na que se solicita a devolución da carta de aval prestada como garantía da execución da obra de referencia.

Visto o informe favorable á cancelación da garantía, emitido polo interventor da Corporación con data do 27 de setembro actual.

A teor do establecido na Disposición transitoria primeira do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, en relación cos artigos 43.2, 44, 47, 110.3 e 147.2 do RD 2/2000 do 16 de xuño, que aproba o Texto refundido da Lei dos contratos das Administracións Públicas.



Vista a proposta de Alcaldía de data 27 de setembro actual.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Cancelar a garantía definitiva, por importe de 22.426,81 euros, depositada para garantir a execución da obra denominada "Centro de formación ocupacional en parcela nº 6 do Polígono Industrial Espiritu Santo-Cambre", no expediente número 2001/69-30 OB.

Segundo: Devolver ao xulgado Mercantil nº 1 da Coruña a carta aval presentada, para os efectos de que o xulgado proceda como corresponda no expediente de Incidente Concursal Común nº 0000072/2013 0002-C, incoado pola Administradora concursal da entidade "Química Industrial Proquintas, S.A." (PROQUINTAS, S.A.), dona María Muñiz Baños.

Terceiro: Notificar o presente acordo ao xulgado do Mercantil nº 1 da Coruña, no exp. nº ICO 0000072/2013 0002-C, dar traslado á administradora concursal designada, e notificar, así mesmo, ás entidades "Química Industrial Proquintas, S.A." (PROQUINTAS, S.A.), e "Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca" (AFIGAL), así como aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Oscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia